

ANEXOS

Índice xeral

ANEXO 1: CONTIDOS, COMPETENCIAS E SECUENCIACIÓN DOS 3 CURSOS DE DESTREZAS 3

1. Curso PUB PCO – destrezas orais - Nivel A2	3
2. Curso PUB PCO – destrezas orais - Nivel B1	5
3. Curso PUB PCO – destrezas orais – Nivel B2	7
4. Curso PUB PCO – destrezas orais - Nivel C1	9
5. Curso PUB PCO – destrezas orais – Nivel C2	11
8. CURSO PUB XERAL -Competencias Xerais – Nivel B1	17
9. CURSO PUB XERAL - Competencias Xerais – Nivel B2	19
10.CURSO PUB XERAL - Competencias Xerais – Nivel C1	21

ANEXO 2: SEGUEMENTO DAS PROGRAMACIÓNS POR NIVEL 22

NIVEL A1	22
NIVEIS A2 e A1-A2	25
NIVEL B1	26
NIVEL B2.1	27
NIVEL B2.2	28
NIVEL C1.1	31
NIVEL C1.2	33
NIVEL C2	35

ANEXO 1: CONTIDOS, COMPETENCIAS E SECUENCIACIÓN DOS CURSOS DE DESTREZAS

1. Curso PUB PCO – destrezas orais - Nivel A2

Obxectivos

- Desenvolver a competencia oral básica en situacións cotiás.
- Mellorar a comprensión e a expresión de información persoal, experiencias e gustos.
- Incrementar o vocabulario e as estruturas gramaticais básicas para comunicación simple.
- Practicar estratexias para organizar pequenas intervencións orais e manter conversas curtas.
- Mellorar a pronuncia, a entoación e a fluidez en situacións comunicativas simples.

Contidos

Contidos funcionais

- Presentarse e presentar a outros.
- Dar información sobre a vida diaria, rutinas, hábitos e intereses.
- Expresar gustos, preferencias, necesidades e opinións simples.
- Pedir e dar información básica (localización, horarios, prezo, direccións).
- Participar en pequenas conversas e interaccións cotiás.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos seguintes eidos: Actividades cotiás, alimentación, bens e servizos públicos, ciencia e tecnoloxía, clima e condicións atmosféricas, compras, educación, identificación persoal, medios de comunicación, relacións familiares e sociais, saúde, tempo libre, profesións, viaxes, vivenda e fogar. Poderase completar con outros temas xerais de interese do alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

Entre os contidos que se poderán traballar destacan os seguintes pero poderánse incluír outros do nivel.

- Oracións simples afirmativas, negativas e interrogativas.
- Coordinación básica
- Tempos verbais: presente, pasado, futuro próximo, modais.

- Adxectivos.
- Determinantes básicos.

Contidos fonéticos

Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:

Entoación en preguntas e afirmacións simples.
Sons vocálicos e consonánticos básicos.
Articulación clara de palabras e finais de sílaba.

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos discursivos

Estrutura básica dunha intervención curta.
Marcadores de secuencia temporal.

Tarefas orais

- Entre as posibles actividades a realizar na aula destacan:
- Role-plays e simulacións de situacións cotiás (compras, restaurantes, transporte).
- Conversas guiadas en parellas ou pequenos grupos.
- Descricións curtas de persoas, lugares ou actividades.
- Narración de experiencias persoais ou rutinas diarias.
- Actividades de mediación oral sinxela (explicar ou transmitir información básica a outro interlocutor).

2. Curso PUB PCO – destrezas orais - Nivel B1

Obxectivos

- Consolidar a competencia oral en situacións comunicativas da vida cotiá.
- Mellorar a fluidez e a precisión no uso de estruturas sintácticas básicas e intermedias.
- Desenvolver estratexias para organizar o discurso de forma clara e coherente.
- Ampliar recursos léxicos e expresivos para narrar, describir e opinar sobre experiencias persoais e temas de interese xeral.
- Incrementar a confianza na interacción oral en contextos formais e informais.

Contidos

Contidos funcionais

- Dar información, describir experiencias e eventos pasados ou presentes.
- Expresar opinións, preferencias e sentimentos.
- Solicitar, dar e verificar información.
- Participar en conversas e pequenas discusións sobre temas cotiáns.
- Reformular, resumir e aclarar información.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos eidos da personalidade, traballo, saúde, educación, compras e actividades comerciais, tempo libre e lecer, viaxes e transportes, relacións humanas e sociais, clima e condicións atmosféricas, tecnoloxía e ciencia. Poderase completar con outros temas xerais de interese do alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

Entre os contidos que se poderán traballar destacan os seguintes pero poderanse incluír outros contidos do nivel:

- Oracións coordinadas simples: copulativas, adversativas, consecutivas.
- Oracións subordinadas básicas: relativas, temporais, comparativos e causais simples.
- Tempos verbais: presente, pasado, futuro próximo, modais.
- Comparativos

Contidos fonéticos

- Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:
- Sons vocálicos e consonánticos.
- Entoación en preguntas, afirmacións e exclamacións.
- Pausas naturais e ritmo do discurso.
- Contidos fonéticos de sons problemáticos como plurais ou pasados.

Contidos discursivos

- Estrutura básica do discurso oral.
- Conectores e marcadores simples para dar coherencia.
- Técnicas para manter a atención do interlocutor
- Secuenciación de ideas e eventos con coherencia.

Tarefas orais

- Entre as posibles actividades a realizar na aula destacan as seguintes:
- Role-plays e simulacións de situacións cotiás.
- Conversas en parellas e pequenos debates guiados.
- Narracións de experiencias persoais ou historias curtas.
- Presentacións breves.
- Actividades de mediación oral (resumir ou explicar información a outro interlocutor).

3. Curso PUB PCO – destrezas orais – Nivel B2

Obxectivos

- Consolidar a competencia oral en situacións comunicativas dentro dos ámbitos persoal, académico, social e profesionais.
- Ampliar recursos lingüísticos para expresarse con fluidez, coherencia e precisión.
- Mellorar a pronuncia, a entoación e o ritmo para acadar unha maior claridade e naturalidade.
- Desenvolver estratexias de interacción: tomar a palabra, pedir aclaracións, reformular, matizar opinións.
- Fomentar a confianza na exposición pública e na participación en debates.
- Practicar a mediación oral adaptando mensaxes a diferentes contextos e destinatarios.

Contidos

Contidos funcionais

- Presentar e defender opinións.
- Acordar, discrepar e matizar.
- Narrar feitos presentes, pasados e futuros con riqueza expresiva.
- Expresar hipóteses, condicións, valoracións e sentimentos.
- Reformular, resumir e aclarar información allea.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos eidos persoal e personalidade, relacións humanas, tempo libre e lecer, viaxes e transportes, alimentación, ciencia e tecnoloxía, medio ambiente, educación, medios de comunicación e actualidade, saúde, traballo, vivenda e actividades económicas e comerciais. Pode-rase completar con outros temas xerais de interese do alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

Entre os contidos que se poderán traballar destacan os seguintes:

- Oracións complexas: relativas, causais, consecutivas, finais, concesivas, condicionais, comparativas.
- Estilo indirecto.
- Tempos verbais: tempos compostos, pasivas e modais.
- Verbos seguidos de infinitivo ou xerundio

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos fonéticos

Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:

- Pronunciación dos pasados e outros sons problemáticos
- Entoación en preguntas, afirmacións e exclamacións.
- Mellora da fluidez: reducir pausas e vacilacións.

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos discursivos

- Organización do discurso
- Uso conectores e marcadores discursivos para organizar a intervención oral.

Tarefas orais

Entre as posibles actividades a realizar na aula destacan as seguintes:

- Debates e mesas redondas.
- Role-plays en situacións reais e formais.
- Exposicións breves.
- Mediación oral: explicar ou transmitir mensaxes de terceiros.
- Presentacións individuais e en grupo con avaliación por pares.

4. Curso PUB PCO – destrezas orais - Nivel C1

Obxectivos

- Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo unha ampla gama de textos orais claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos.
- Utilizar entoación e acento adecuados para expresar matices de significado.
- Empregar unha ampla gama de recursos lingüísticos e estratexias discursivas, compensando dificultades para expresar ideas.
- Mediar entre falantes en situacións complexas nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo información complexa con eficacia.
- Interactuar espontaneamente en conversas formais e informais sobre temas abstractos, complexos ou específicos.
- Dar opinión e argumentar en debates, pedir aclaracións, realizar presentacións estruturadas e responder preguntas da audiencia.

Contidos

Contidos funcionais

- Interactuar de forma espontánea en conversacións e debates complexos.
- Expresar opinións, valoracións, hipóteses e argumentos sobre temas abstractos ou especializados.
- Solicitar información complementaria ou aclaracións en contextos académicos e profesionais.
- Realizar presentacións claras, estruturadas e desenvolvidas, ampliando sub-temas e defendendo ideas con exemplos.
- Participar en mediación oral: resumir, parafrasear e transmitir información complexa entre interlocutores.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos eidos dos bens e servizos, a ciencia e a tecnoloxía, as compras e actividades comerciais, a economía e a industria, a educación e actividades académicas, o goberno, política e sociedade, a información e medios de comunicación, o traballo e actividades profesionais, a xeografía, natureza e medio rural, a identidade persoal, as relacións persoais e sociais, a relixión e a filosofía, a cultura e as actividades artísticas, a alimentación, a saúde, as actividades de lecer e tempo libre, as viaxes e estancias no estranxeiro e a vivenda, fogar e contorna. Poderase completar con outros temas xerais de interese para o alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

- Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:
- Oracións complexas subordinadas.
- Uso contrastado de modos e tempos: indicativo, subxuntivo, condicional.
- Estruturas para enfatizar, limitar, matizar ou contrastar ideas.
- Diferentes tipos de pasivas e estilos indirecto
- Estruturas con inversións
- Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos fonéticos

- Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:
- Revisión de sons consonánticos e vocálicos
- Entoación complexa para indicar énfase, contraste, ironía ou outras intencións comunicativas.
- Pausas e ritmo naturais en intervencións longas.
- Contidos fonéticos clara.
- Mellora da fluidez.

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos discursivos

- Estrutura avanzada do discurso: como incluír sub-temas.
- Presentación de argumentos con exemplos, comparativos, contrastes e ilustracións.
- Debate e negociación de ideas complexas mantendo coherencia e cohesión.
- Adaptación ao rexistro, contexto e audiencia.
- Estratexias para responder preguntas, ampliar ou aclarar ideas e rematar intervencións.

Tarefas orais

Entre as posibles actividades a realizar na aula destacan as seguintes:

- Debates formais sobre temas abstractos, especializados ou académicos
- Presentacións estruturadas con sub-temas, exemplos, adaptación á audiencia e conclusión.
- Role-plays complexos: negociación, mediación e interacción profesional ou académica.
- Exercicios de mediación oral: resumir ou explicar información complexa entre interlocutores.
- Conversas espontáneas e prolongadas sobre temas abstractos ou especializados.

5. Curso PUB PCO – destrezas orais – Nivel C2

Obxectivos

- Comunicar con total espontaneidade, corrección e fluidez en calquera contexto, adaptando o rexistro, o estilo e o ton con precisión.
- Participar activamente en interaccións complexas, mantendo o control da conversa e respondendo con matices.
- Argumentar, contraargumentar e persuadir con recursos expresivos variados e sutís.
- Producir discursos orais longos, detallados e ben estruturados sobre temas abstractos, especializados ou culturais.
- Comprender e reaccionar con rapidez a intervencións longas, abstractas ou de gran complexidade.
- Empregar a lingua con creatividade e eficacia, incluíndo humor,

Contidos

Contidos funcionais

- Participar en debates e discusións complexas, defendendo e matizando opinións.
- Formular hipóteses, valoracións e xuízos con precisión estilística.
- Empregar estratexias de persuasión, negociación e mediación en contextos profesionais ou académicos.
- Intervir en presentacións, relatorios e conferencias, improvisando con seguridade.
- Empregar recursos expresivos avanzados: humor, ironía, referencia cultural, dobres sentidos.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos eidos da personalidade e familia, educación e traballo, compras e economía, estilo de vida e lecer, saúde e alimentación, vivenda e aloxamento, viaxes, as artes (música, libros e cine), xeografía e natureza, medio ambiente, ciencia e tecnoloxía, política, os medios de comunicación, relixión e filosofía, culturas de fala inglesa. Pode-rase completar con outros temas xerais de interese para o alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:

- Estruturas subordinadas e coordinadas complexas.
- Estruturas complexas con subxuntivo, comparativos, participios, xerundios, infinitivos, pasivas, condicionais e tempos perfectos.

- Recursos de énfase e tematización complexos (fronting, cleft sentences, inversión).

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos fonéticos

- Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:
- Control completo da entoación para transmitir actitude, matices e intencións implícitas.
- Fluidez total en discursos longos, con ritmo e pausas naturais.
- Precisión fonética.
- Prosodia expresiva para ironía, humor, énfase e carga afectiva.

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos discursivos

- Organización flexible e eficaz de discursos complexos.
- Emprego de marcadores e conectores complexos para matizar e guiar a argumentación.
- Estratexias discursivas para persuadir, convencer e contraargumentar.
- Recursos narrativos e expositivos complexos (anáforas, metáforas, referencias culturais).
- Integración fluída de citas, exemplos e datos en discursos orais.

Tarefas

- Intervencións en debates argumentando de maneira efectiva sobre temas abstractos, culturais ou profesionais.
- Presentacións complexas con ou sen preparación previa..
- Participación activa en negociacións ou mediacións sobre temas especializados.
- Interacción fluída con adaptación ao contexto e ao interlocutor.

6. CURSO PUB PCE - Destrezas de Expresión Escrita – Nivel C1

Obxectivos

- Producir textos escritos extensos, detallados e ben estruturados, axustados a diferentes ámbitos sobre temas complexos.
- Resaltar ideas principais, ampliar con ideas complementarias, motivos e exemplos, e finalizar cunha conclusión adecuada.
- Utilizar de maneira correcta e consistente estruturas gramaticais complexas e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación.
- Mostrar control de mecanismos de cohesión e dominio dun léxico amplo que permita expresar matices de significado, incluíndo ironía, humor e carga afectiva.
- Mediar con eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, trasladando información e opinións implícitas ou explícitas contidas en textos complexos.
- Desenvolver habilidades para argumentar, diferenciar ideas principais e secundarias, formular hipóteses, predicións e propostas, e narrar sucesos ou acontecementos.

Contidos

Contidos funcionais

- Argumentar opinións, defendendo puntos de vista con exemplos e motivos.
- Describir experiencias, persoas, espazos e sensacións de forma detallada.
- Diferenciar ideas principais e secundarias nos textos propios e alleos.
- Expoñer e solicitar información de forma clara e coherente.
- Expresar desexos, sentimentos, actitudes e valoracións persoais.
- Formular hipóteses, predicións e propostas coherentes.
- Narrar sucesos e acontecementos con precisión temporal e coherencia.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos eidos da identidade persoal, as relacións persoais e sociais, a relixión e a filosofía, a cultura e as actividades artísticas, a alimentación, a saúde, as actividades de lecer e tempo libre, as viaxes e estancias no estranxeiro e a vivenda, fogar e contorna. Poderase completar con outros temas xerais de interese para o alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

- Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:
- Oracións complexas subordinadas e coordinadas avanzadas.
- Modos e tempos verbais: indicativo, subxuntivo, condicional e imperativo.
- Estruturas para enfatizar, matizar, contrastar e delimitar ideas.

- Conectores e marcadores Contidos discursivos complexos para cohesión e coherencia.

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos discursivos

- Estrutura de textos escritos complexos: introdución de exemplos e sub-temas.
- Selección e organización de ideas para garantir coherencia e cohesión.
- Uso de diferentes rexistros e estilos segundo o tipo de texto e audiencia.
- Técnicas para reforzar argumentación.

Tarefas escritas

- Entre as posibles actividades a realizar na aula destacan as seguintes:
- Redacción de ensaios, artigos ou informes sobre temas complexos.
- Composición de narracións detalladas de experiencias, sucesos ou acontecementos.
- Elaboración de textos argumentativos con ideas complementarias, exemplos e conclusión.
- Actividades de mediación escrita: resumir ou parafrasear.

7. CURSO PUB XERAL - Competencias Xerais – Nivel A1

Obxetivos

- Desenvolver a competencia oral básica en situacións cotiás.
- Mellorar a comprensión e a expresión de información persoal, experiencias e gustos.
- Incrementar o vocabulario e as estruturas gramaticais básicas para comunicación simple.
- Practicar estratexias para organizar pequenas intervencións orais e manter conversas curtas.
- Mellorar a pronuncia, a entoación e a fluidez en situacións comunicativas simples.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos.
- Producir e coproducir textos escritos en lingua inglesa moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediateza necesidade ou información persoal

Contidos

Contidos funcionais

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas, agradecer, felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.
- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
- Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa.
- Indicar posesión.
- Indicar onde e cando ocorre algo.
- Referirse a accións cotiás presentes.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos seguintes eidos: Actividades cotiás, alimentación, bens e servizos públicos, ciencia e tecnoloxía, clima e condicións atmosféricas, compras, educación, identificación persoal, medios de comunicación, relacións familiares e sociais, saúde, tempo libre, profesións, viaxes, vivenda e fogar. Poderase completar con outros temas xerais de interese do alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:

- Oracións simples afirmativas, negativas e interrogativas.
- Coordinación básica
- Tempos verbais: presente, presente continuo.
- Determinantes básicos
- Adxectivos

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos fonéticos

Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:

- Entoación en preguntas e afirmacións simples.
- Sons vocálicos e consonánticos básicos.
- Articulación clara de palabras e finais de sílaba.

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos discursivos

- Estrutura básica dos textos.
- Marcadores de secuencia temporal.

Tarefas orais

Entre as posibles actividades a realizar na aula destacan as seguintes:

- Role-plays e simulacións de situacións cotiás (compras, restaurantes, transporte).
- Conversas guiadas en parellas ou pequenos grupos.
- Descricións curtas de persoas, lugares ou actividades.
- Narración de rutinas diarias.
- Actividades de mediación oral sinxela (explicar ou transmitir información básica a outro interlocutor).

Tarefas de comprensión oral

Faranse tarefas para comprender, case sempre, os puntos principais e a información esencial relativa á vida cotiá.

Tarefas de comprensión escrita

Tarefas que permitan a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto aínda que requira varias lecturas.

Tarefas de produción e coprodución escrita

Actividades para producir textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais aínda que con algún erro, p.e. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto

8. CURSO PUB XERAL -Competencias Xerais – Nivel B1

Obxectivos

- Comunicar información persoal, académica e profesional básica de forma clara e estruturada.
- Comprender e producir textos orais e escritos sobre temas habituais e coñecidos.
- Expresar opinións, preferencias, sentimentos e valoracións.
- Diferenciar ideas principais e secundarias en textos orais e escritos.
- Redactar textos coherentes, narracións e pequenas exposicións.
- Participar activamente en interaccións e mediacións orais e escritas.

Contidos

Contidos funcionais

- Saudar, despedirse, presentarse e presentar a outros.
- Pedir e dar información persoal, profesional e sobre actividades ou eventos.
- Expresar opinións, preferencias, gustos, sentimentos e valoracións.
- Pedir axuda, instrucións, consellos ou suxestións e reaccionar adecuadamente.
- Participar en conversas, debates e pequenas negociacións.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos eidos da personalidade, traballo, saúde, educación, compras e actividades comerciais, tempo libre e lecer, viaxes e transportes, relacións humanas e sociais, clima e condicións atmosféricas, tecnoloxía e ciencia. Poderase completar con outros temas xerais de interese do alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

- Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:
- Oracións subordinadas: relativas, causais, temporais e condicionais.
- Tempos verbais: presente, pasado, futuro.
- Verbos modais de obriga ou habilidade.
- Graos do adxectivo

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos fonéticos

- Fonemas vocálicos e consonánticos
- Terminacións –es, -ed, -er
- Entoación adecuada para preguntas, exclamacións e afirmacións.

Contidos discursivos

- Estrutura de textos orais e escritos.

- Secuenciación de ideas e eventos con coherencia.
- Uso de conectores.
- Introducción de explicacións.

Tarefas

- Conversas e debates sobre temas coñecidos ou de interese.
- Redacción de mensaxes, cartas, emails e pequenos informes.
- Narración de experiencias, sucesos ou actividades.
- Presentacións curtas sobre temas cotiáns ou profesionais.
- Actividades de mediación: resumir ou transmitir información a outros.

Materiais didácticos

Neste curso utilizarase o libro de texto *Speakout 3rd edition A2+ Student's book with online practice*, Eales & Oakes, Pearson education, 2023. ISBN 978-1-292-40748-7. Este manual ofrece unha práctica equilibrada de todas as actividades de lingua desde un enfoque comunicativo, adecuándose ás características desta tipoloxía de curso. Tamén ofrece ao alumnado recursos dixitais adicionais (incluíndo ferramentas de recoñecemento de fala) e posibilidade de uso híbrido. O libro consta de 8 unidades, e a temporalización basearase na impartición das unidades 1 a 4 no primeiro cuadrimestre, e 5 a 8 no segundo.

Outros recursos e materiais didácticos incluírán o uso unha aula virtual, así como material complementario de elaboración propia, ademais de materiais didácticos lúdicos (xogos de trivial, taboo, pictionary, quizzes, etc).

9. CURSO PUB XERAL - Competencias Xerais – Nivel B2

Obxectivos

- Comunicar información, opinións e argumentos con claridade e precisión.
- Comprender e producir textos orais e escritos sobre temas complexos e variados.
- Expresar sentimentos, valoracións, hipóteses e opinións con matices.
- Diferenciar ideas principais e secundarias en textos extensos.
- Empregar estruturas gramaticais complexas e vocabulario amplo con corrección.
- Redactar textos coherentes, estruturados e detallados, así como exposicións orais claras.
- Participar activamente en debates, negociacións e mediacións orais e escritas.

Contidos

Contidos funcionais

- Pedir e dar información sobre temas persoais, académicos, sociais e profesionais.
- Expresar opinións, preferencias, sentimentos, valoracións e argumentos.
- Pedir axuda, instrucións, suxestións ou consellos e reaccionar de maneira adecuada.
- Participar activamente en debates, negociacións e interaccións complexas.

Contidos léxicos

O curso abranguerá temáticas nos eidos persoal e personalidade, relacións humanas, tempo libre e lecer, viaxes e transportes, alimentación, ciencia e tecnoloxía, medio ambiente, educación, medios de comunicación e actualidade, saúde, traballo, vivenda e actividades económicas e comerciais. Poderase completar con outros temas xerais de interese do alumnado deste curso.

Contidos sintácticos

Entre os contidos poderán traballarse os seguintes:

- Oracións subordinadas complexas: relativas, causais, temporais, condicionais, consecutivas, concesivas e comparativas.
- Tempos verbais: presente, pasado, futuro facendo énfase nos tempos compostos.
- Modais perfectos.
- Voz pasiva
- Estilo indirecto.
- Verbos seguidos de infinitivo e xerundio
- O artigo
- Estruturas comparativas

Poderanse incluír outros contidos do nivel.

Contidos fonéticos

- Entoación natural para preguntas, exclamacións, afirmacións e contrastes.
- Articulación clara e ritmo adecuado.
- Redución de vacilacións e mantemento de fluidez.
- Corrección de sons problemáticos: terminacións –es, -er, -ed e ditongos.

Contidos discursivos

- Estrutura de textos orais e escritos
- Secuenciación clara e coherente de ideas e argumentos.
- Uso de conectores e marcadores para cohesión e transición de ideas.
- Introducción de exemplos e explicacións en argumentos.
- Adaptación do rexistro ao contexto formal, académico, social ou profesional.

Tarefas

- Conversas, debates e negociacións sobre temas complexos.
- Redacción de artigos, correos electrónicos e narracións detalladas.
- Presentacións orais estruturadas sobre temas variados.
- Comprensión e produción de textos orais e escritos máis extensos.
- Actividades de mediación: resumir, parafrasear e transmitir información complexa a outros.

10.CURSO PUB XERAL - Competencias Xerais – Nivel C1

Obxectivos

- Entender textos extensos e complexos en distintos rexistros, acentos e estilos, identificando intencións, ideas principais, detalles e actitudes, mesmo a velocidade alta.
- Expresar con fluidez, espontaneidade e precisión textos extensos e estruturados, usando recursos lingüísticos avanzados e entoación axeitada aos matices de significado.
- Interpretar textos escritos longos e complexos, recoñecendo ideas principais e secundarias, estilos e rexistros.
- Redactar textos extensos sobre temas complexos, defendendo opinións con argumentos e exemplos, empregando gramática, cohesión e léxico avanzado.
- Transmitir oralmente e por escrito información, opinións e estilos en situacións complexas de distintos ámbitos, con corrección e flexibilidade.

Contidos

Contidos funcionais

- Interactuar de forma espontánea en conversacións e debates complexos.
- Realizar presentacións claras, estruturadas e desenvoltas, ampliando sub-temas e defendendo ideas con exemplos.
- Participar en mediación: resumir, parafrasear e transmitir información complexa entre interlocutores.
- Argumentar opinións, defendendo puntos de vista con exemplos e motivos.
- Diferenciar ideas principais e secundarias nos textos propios e alleos.
- Formular hipóteses, predicións e propostas coherentes.

Contidos léxicos

